

Convocatorias de subvención no ámbito das TIC



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Obxecto e réxime da subvención.

Obxecto:

Subvencións da Consellería de Innovación e Industria ás empresas que realicen investimentos durante o ano 2009 en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións

Réxime:

Concorrenza competitiva

Axuda *de minimis*. Regulamento (CE) 1998/2006.

Os beneficiarios non poderán percibir máis de 200.000 € en axudas en tres exercicios fiscais (para o sector do transporte por estrada o límite é 100.000€) Estes límites aplícanse independentemente da forma da axuda ou do obxecto perseguido.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Beneficiarios:

- 1. Empresas privadas con personalidade xurídica validamente constituídas no momento da presentación da solicitude, que realicen actividades con ánimo de lucro**
- 2. Empresarios individuais**

Deber ter sede social ou un centro de traballo en Galicia

Non poderán ser beneficiarios:

- 1. As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade, que careza de personalidade xurídica, aínda que realice una actividade empresarial**
- 2. Aquelas empresas ou empresarios individuais nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (Requisitos para obter a condición de beneficiario)**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Liñas de subvención

- A. Infraestrutura interna das empresas**
- B. Aplicacións informáticas nas empresas**
- C. Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC**
- D. Formación técnica e promoción do sector das TIC**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Infraestrutura interna das empresas

Destinada a que as empresas adopten e utilicen eficientemente as TIC a través de melloras substanciais no seus sistemas de información

Dirixida ás empresas de calquera sector económico

Especial referencia ás empresas de servizos do sector audiovisual

Tipos de actuacións subvencionables

- 1. Implantación ou mellora da rede de datos interna da empresa, incluíndo tamén elementos físicos necesarios para o acceso a internet**
- 2. Investimentos en bens de equipo que supoñan unha muda tecnolóxica para as empresas de servizos do sector audiovisual galego, ou que contribúan a consolidar os procesos xa iniciados de implementación de tecnoloxías emerxentes neste sector**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Infraestrutura interna das empresas

Gastos subvencionables:

1. Investimentos en infraestrutura de rede cableada (fibra, cable, tomas de rede e repartidores). Deberán ser como mínimo categoría 6 (acreditada mediante certificación)
2. Investimentos en infraestrutura de rede sen fíos (cable, puntos de acceso, encamiñadores) para uso interno da empresa solicitante
3. Equipos de electrónica activa da rede de datos interna (conmutadores, encamiñadores -routers-, barreiras de seguridade. Deberán permitir GB ethernet
4. Armarios bastidores e SAIs que soporten a electrónica de rede
5. Elementos centrais servidores da rede e dispositivos de almacenamento da información, da rede de datos interna, sempre que se diferencian perfectamente dos gastos non subvencionables
6. Equipos de videoconferencia
7. Equipos para o tratamento da información audiovisual: magnetoscopios, dixitalizadores e mesas de mesturas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Infraestrutura interna das empresas

Gastos non subvencionables:

- Elementos de usuario: tarxetas de rede, ordenadores persoais, terminais, equipos portátiles, etc. ou outras ferramentas hardware (centrais de alarmas, impresoras, fotocopiadoras, scanners, caixas rexistradoras, etc.)
- Funxibles e removibles (discos cintas, etc)
- Licenzas de software
- Servizos de mantemento ou garantía adicional sobre os equipos adquiridos
- Cotas de conexión, mantemento ou hospedaxe
- Obra civil, canalizacións e elementos das instalacións eléctricas
- Cámaras, ópticas, lentes e adaptadores, equipos de iluminación e microfonía e os seus accesorios (fundas, maletas, trípodes, etc.)
- Elementos de redes sen fíos que non se destinen para uso interno, senón para prestar servizos de comunicacións electrónicas a terceiros
- Calquera gasto do que non se achegue documentación económica completa
- Calquera gasto que, aínda que pola súa natureza poida ser considerado subvencionable, no que figuren incluídos e sen cuantificar outros gastos non subvencionables



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Aplicacións informáticas nas empresas

Destinada para que as empresas de calquera sector económico adopten e utilicen eficientemente as TIC a través de melloras substanciais no seus sistemas de información

As liñas de subvención son as seguintes:

1. Implantación de aplicacións informáticas baseadas en **código aberto** e realizadas a medida para o solicitante, ou adaptación de librerías informáticas baseadas en código aberto, destinadas aos sistemas de información e de xestión do solicitante
2. Adquisición e implantación de aplicacións informáticas de **carácter produtivo**. As aplicacións deberán aportar solucións específicas para a actividade económica que desenvolve o solicitante e diferenciarse inequivocamente dos gastos non subvencionables. Non se considerarán ningunha licencia do seguinte software: sistema operativo, xestión de rede e servidor, entorno ofimático, bases de datos, deseño gráfico, deseño de estruturas ou instalacións, contabilidade e nóminas, sistemas ERPs e CRMs, e outras licencias de software de propósito xeral. En calquera caso, as aplicacións para uso externo accesibles a través de internet, deberán cumprir os criterios de funcionamento e de accesibilidade recollidos na

convocatoria



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Aplicacións informáticas nas empresas

Gastos subvencionables:

- A contratación externa para os desenvolvementos a medida ou as adaptacións en profundidade das aplicacións
- A instalación, migración, posta en funcionamento e formación das citadas aplicacións
- As licencias de software de carácter produtivo

Gastos non subvencionables:

- Páxinas web
- Funxibles e removibles (discos, cintas, etc)
- Licencias de software agás as de carácter produtivo
- Gastos de implantacións, desenvolvementos e adaptacións das aplicacións informáticas nas que non se identifique e diferencie perfectamente nas ofertas presentadas os gastos en licencias de software necesarias (librerías dos ERPs, bases de datos, software do servidor) e outros gastos non subvencionables.
- Servizos de mantemento ou garantía ou garantía adicional
- Cotas de conexión, mantemento e hospedaxe
- Equipamentos físicos (hardware) por ser subvencionables segundo a liña A
- Os gastos, que aínda sendo de natureza subvencionable, no que figuren gastos non subvencionables sen cuantificar



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC

Destinadas para que as empresas que desenvolven a súa actividade económica especificamente no ámbito das tecnoloxías da información e as telecomunicacións, podan xerar e ofertar ao mercado novos produtos e servizos TIC

As liñas de subvención son as seguintes:

1. Desenvolvemento de aplicacións informáticas baseadas en **código aberto**. O beneficiario deberá facilitar o acceso público ao código fonte da aplicación informática desenvolvida e a documentación precisa para o seu uso por terceiros (p.e. a través de mancomun.org)
2. Desenvolvemento de **novos produtos e servizos TIC propiedade do solicitante**, e que estean suxeitos a un pago por uso, licencia ou adquisición por parte de terceiros. Poderán ser subvencionadas novas versións ou evolucións sustanciais de produtos anteriormente desenvolvidos e comercializados
En calquera caso, as aplicacións para uso externo accesibles a través de internet, deberán cumprir os criterios de funcionamento e de accesibilidade recollidos na convocatoria



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC

Gastos subvencionables:

- Adquisicións de equipos informáticos centrais e de usuario e equipos de rede interna necesarios para a execución do proxecto
- Custo do persoal técnico propio, con relación laboral, con dedicación ao proxecto (parte proporcional da nómina, gastos sociais ou pagas extras efectivamente pagadas dentro dos prazos considerados)
- No caso das microempresas, tamén consideraranse os custos do persoal técnico, que sendo propio da empresa solicitante, deba figurar no réxime especial de traballadores autónomos debido á normativa aplicable aos representantes legais das empresas e aos socios traballadores. (Límite de subvención mensual do dobre do salario mínimo interprofesional)
- Servizos e colaboracións externas dedicadas ao proxecto co límite máximo do 20% do investimento subvencionable



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC

Gastos non subvencionables:

1. Licencias de software
2. Custos de persoal directivo, xerencial ou administrativo, así como os do persoal que non se atope vinculado coa empresa mediante relación laboral agás as excepcións sinaladas para o persoal técnico das microempresas
3. Outras ferramentas hardware
4. Funxibles e removibles (discos, cintas, etc.)
5. Servizos de mantemento ou garantía adicional
6. Cotas de conexión, mantemento ou hospedaxe
7. Gastos de formación, dado que para este tipo de gastos existe unha liña específica de subvencións (apartado D)
8. Calquera gasto do que non se achegue documentación económica completa
9. Calquera gasto que, aínda que pola súa natureza poida ser considerado subvencionable, no que figuren incluídos e sen cuantificar outros gastos non subvencionables



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Formación técnica e promoción do sector das TIC

Destinadas para que as empresas que desenvolven a súa actividade económica especificamente no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións podan xerar e ofertar ao mercado novos produtos e servizos TIC

As liñas de subvención son as seguintes:

1. Presenza da empresa TIC e o seu persoal propio en **foros especializados** de comercialización, formación tecnolóxica ou estandarización, tanto en calidade de visitantes profesionais como expositores
2. Asistencia do persoal propio da empresa TIC a **cursos de formación** especializada de produción necesarios para o desenvolvemento dos seus produtos e servizos
3. Actividades de **promoción dos servizos e produtos** da empresa entre os seus clientes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Formación técnica e promoción do sector das TIC

Gastos subvencionables:

1. Gastos de inscrición ou matrícula do persoal propio da empresa solicitante nos foros e cursos especializados
2. Gastos de viaxe en medios de transporte público (avión, tren ou autobús)
3. Gastos de aloxamento, desprazamento e manutención durante o evento ata un máximo de 100€ por persoa e día
4. Gastos de presenza como expositor nos foros especializados (aluguer de espazo, mobiliario e servizos a prestar durante o evento)
5. Gastos do persoal propio asistente ao evento. Considerarase a parte proporcional dedicada ao proxecto (nómina, gastos sociais e pagas extras) efectivamente pagada dentro dos prazos considerados
6. No caso das microempresas, tamén consideraranse os custos do persoal técnico, que sendo propio da empresa solicitante, deba figurar no réxime especial de traballadores autónomos debido á normativa aplicable aos representantes legais das empresas e aos socios traballadores. (Límite de subvención mensual do dobre do salario mínimo interprofesional)
7. Gastos de servizos de formación a realizar por terceiros na sede da empresa solicitante
8. Elaboración de material promocional (catálogos, folletos, copias de demostración), incluídas as insercións en medios de comunicación ou envíos postais
9. Gastos de roldas de negocios ou accións demostrativas aos clientes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Formación técnica e promoción do sector das TIC

Gastos non subvencionables:

1. Custos de operación, gastos periódicos ou xenéricos da actividade da empresa
2. Dietas, desprazamentos en vehículo particular ou da empresa, e calquera gasto persoal non xustificado contra factura
3. Calquera gasto do que non se achegue documentación económica completa
4. Calquera gasto que, aínda que pola súa natureza poida ser considerado subvencionable, no que figuren incluídos e sen cuantificar outros gastos non subvencionables



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Financiamento

Orzamento total: 5.000.000 €

Cofinanciado nun 80 % con Fondos FEDER

Importe máximo de subvención por solicitante: 80.000 €

Importe máximo de subvención por solicitante para as factorías de software certificada CMM nivel 2: 160.000 €

Orzamentos parciais segundo o tipo de actuacións subvencionable:

<i>Tipo actuación segundo o Artigo 2.2. das bases reguladoras</i>	<i>2009</i>
a) Infraestrutura interna das empresas para a Sociedade da Información.	750.000 €
b) Aplicacións informáticas nas empresas para a Sociedade da Información.	2.750.000 €
c) Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC.	1.000.000 €
d) Formación técnica e promoción do sector das TIC.	500.000 €
Total	5.000.000 €



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Concorrenca e prazo de xustificación

As axudas previstas nesta orde serán **incompatibles**, para os mesmos gastos subvencionables, con calquera outras das reguladas por **esta mesma consellería**.

Con carácter xeral, as axudas poderán acadar ata o 40% dos investimentos subvencionables recollidos nunha solicitude. Esta porcentaxe poderá elevarse cos seguintes incrementos:

- Ata un 10% adicional, para as solicitudes baseadas en código aberto
- Ata un 10% adicional, para as solicitudes presentadas por medianas empresas
- Ata un 20% adicional, para as solicitudes presentadas por pequenas empresas e microempresas

Trátanse de axudas *de minimis*. Regulamento (CE) 1998/2006

Os beneficiarios non poderán percibir máis de 200.000 € en axudas en tres exercicios fiscais (para o sector do transporte por estrada o límite é 100.000€) Estes límites aplícanse independentemente da forma da axuda ou do obxecto perseguido.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Criterios de valoración das solicitudes

1. Calidade técnica e grao de modernización empresarial ou sectorial que se acadará coas solucións propostas:

Até 30 puntos

Descrición das solucións tecnolóxicas presentadas

Novidades técnicas que aportan

Nivel de modernización

Posibilidades de evolución futura dos investimentos

Emprego de metodoloxías, certificacións ou estándares de calidade

Sector ao que vai ser destinado e beneficiarios que se acadarán a nivel sectorial (de ser o caso)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Criterios de valoración das solicitudes

2. Impulso do código aberto:

Até 25 puntos

Nivel de uso ou desenvolvemento de ferramentas de código aberto na execución dos investimentos

Este criterio non será de aplicación nas solicitudes presentadas para infraestrutura interna das empresas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Criterios de valoración das solicitudes

3. Grado de definición e madurez:

Até 15 puntos

Concreción e claridade da memoria técnica do proxecto e das ofertas económicas presentadas e a súa adecuación ás actuacións da convocatoria

Descrición da programación temporal

Recursos humanos dedicados

Exposición da situación actual e grado de mellora que se pretende acadar co proxecto



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Criterios de valoración das solicitudes

4. Capacidade técnica e económica da empresa solicitante:

Até 15 puntos

Dimensionamento dos custes e persoal dedicado ao proxecto fronte ao funcionamento global da empresa

Repercusión sobre o emprego e a facturación

Dispoñibilidade, por parte da empresa solicitante, de certificacións en vigor, en materia de xestión de calidade, medio ambiente, seguridade da información ou desenvolvemento de software



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Criterios de valoración das solicitudes

5. Emprego da lingua galega no desenvolvemento do proxecto:
Até 10 puntos

Compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa administración autonómica

Emprego do galego en todos os elementos que deriven da materialización das actuacións subvencionables:

- Textos embebidos no código dos programas
- Programas, manuais, cursos, publicidade, etc.

6. Solicitud presentada sen que sexa necesaria a súa rectificación nin solicitude de documentación complementaria:
Até 5 puntos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNIÓN EUROPEA
FEDER

AXUDAS ÁS EMPRESAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Contacto

Teléfono :

981 545 583

Web: www.conselleriaiei.org nos apartados “Oficina Virtual” e “Axudas”

Enderezo electrónico

axudas.dxpisi@xunta.es

Presencialmente

**Servizos centrais e Delegacións Provinciais da
Consellería de Innovación e Industria**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



**UNIÓN EUROPEA
FEDER**